

SUBVENCIONES PARA CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAJÍSTICOS

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO. XUNTA DE GALICIA

Obxecto

Convocatoria de subvencions para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas (código de procedemento MT402A).

Actuacións

a) Revestimento e/ou pintado de paramentos cegos de fachada que actualmente estean rematados en ladrillo, de bloques de formigón, formigón ou morteiro de cemento.

b) Renovación do acabado dos paramentos cegos de fachadas, carpintarías ou cerrallarías exteriores, que supoñan un impacto paisaxístico como consecuencia do deficiente estado de conservación ou da tonalidade e/ou a intensidade da actual cor de acabado. Considéranse incluídos os casos de fachadas de cachotería ou cantaría que precisen a realización ou renovación dos morteiros de rexuntado.

c) Remate ou renovación do acabado exterior de cubertas rematadas con pranchas de fibrocemento ou solucións construtivas non axeitadas ou nun deficiente estado de conservación.

d) Revestimento de muros de cerramento de predios realizados con ladrillo ou bloques de formigón, sen revestir.

e) Recuperación, restauración ou arranxo de muros de pedra tradicionais.

Persoas beneficiarias e requisitos das solicitudes

1. Poderán ser beneficiarios desta subvención as persoas físicas titulares dun inmovible ou ben sobre o que pretendan realizar algunha/s das actuacións.

2. Só caberá presentar unha solicitude por persoa. Cada solicitude poderá conter varias actuacións.

3. A persoa solicitante deberá ser propietaria do terreo, inmovible ou ben en que se pretende realizar as actuacións e deberá acreditar a súa plena dispoñibilidade.

4. As actuacións deberán contar con licenza ou comunicación previa, segundo o caso, así como cos informes ou autorizacións sectoriais que resulten preceptivas

Contía

O importe da subvención será do 70 % do orzamento do investimento subvencionable, co límite máximo de 3.000 € por solicitante e ben.

Forma e prazo de presentación das solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (MT402A)

2. O prazo de presentación de solicitudes será ata o día 19 de febreiro de 2022
[Resolución DOG Mércores, 19 de xaneiro de 2022 \(xunta.gal\)](#)